



Federación Galega de Kung-Fu

FEDERACION GALEGA DE KUNG FU

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO

Capítulo I.- Disposicións Xerais

Artigo 1.- Obxecto

1. O Regulamento Interno da Federación Galega de Kung Fu, baséase nos seus Estatutos e nos acordos da Asemblea Xeral, e ten por obxecto regular a xestión e as accións operativas dos diversos estamentos federativos.

2. En concreto, o Regulamento contempla as condicións de afiliación dos clubs, deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-árbitros. Así mesmo, tamén regula os aspectos básicos do funcionamento da Comisión Xeral Técnica, Comisións/Departamentos Técnicos, desenvolvemento de campionatos, relación entre clubs e clubs asociados doutras Comunidades Autónomas.

Artigo 2.- Aprobación e modificación

1. Corresponde a Asemblea Xeral, ben por iniciativa propia ou a proposta da Xunta Directiva, a aprobación e modificación do presente Regulamento.

2. O Director/a dunha Comisión/Departamento Técnico tamén poderá propoñer a través da Xunta Directiva a modificación deste Regulamento.

Artigo 3.- Condicións de afiliación de Clubs e Asociacións Deportivas

Para a afiliación dun club ou asociación deportiva será necesario o achegamento da acta de constitución, estatutos, número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, domicilio social e documentación referente a cualificación técnica e pedagóxica dos seus adestradores/as ou técnicos, así como cumprir o formulario de solicitude de afiliación e abonar a cota de afiliación ou reafiliación correspondente.

Artigo 4.- Condicións de afiliación das persoas físicas





Federación Galega de Kung-Fu

1. As persoas físicas que desexen afiliarse a Federación Galega de Kung Fu terán que facelo a través dos clubs e asociacións afiliadas a mesma.
2. Os clubs ou asociacións teñen que cumprimentar o formulario de tramitación de licenzas, o cal contemplará os datos básicos da persoa solicitante, calquera que sexa a categoría a que pertenza dentro da estrutura e os estamentos federativos.

Artigo 5.- Tempada deportiva

A tempada deportiva na Federación Galega de Kung Fu comeza o 1 de novembro e remata o 31 de de outubro do ano seguinte. A duración da licenza e por tempada deportiva e caducará ao seu remate.

Capítulo II.- Comisión Xeral Técnica

Artigo 6.- Creación e composición

De conformidade co disposto no artigo 43 dos Estatutos crease a Comisión Xeral Técnica da Federación Galega de Kung Fu, que estará integrada polos Directores/as das Comisións/Departamentos Técnicos específicos; Arbitraxe, Graos, Técnica, Actividades, Formación, Kung Fu Moderno e Chi Kung. O Presidente/a da Federación será o que preside as reunións da Comisión Xeral Técnica e terá voto de calidade nos acordos da mesma.

Art. 7.- Director/a Xeral Técnico da Federación

O Presidente/a da Federación poderá delegar as súas funcións na Comisión Xeral Técnica ou na persoa que designe e que terá a denominación de Director/a Xeral Técnico da Federación Galega de Kung Fu.

Artigo 8.- Funcións e competencias da Comisión Xeral Técnica

1. Ademais da función de coordinación de tódalas Comisións/Departamentos Técnicos específicos da Federación Galega de Kung Fu e da dirección das actividades da Federación, son funcións e competencias da Comisión Xeral Técnica:





Federación Galega de Kung-Fu

- a) Elaborar a proposta do Calendario Anual de Actividades.
- b) Elaborar o Proxecto de Ingresos e Gastos.
- c) Propoñer a Asemblea as modificacións das normativas dos diversos Departamentos.
- d) Establecer plans de promoción das modalidades deportivas federativas e daquelas actividades que poidan contribuír a divulgación do Kung Fu, Kung Fu Moderno, Chi Kung, e as súas modalidades.
- e) Propoñer innovacións que adecúen as actividades federativas as necesidades actuais das persoas.
- f) Potenciar as actividades que amplíen os horizontes federativos.
- g) Executar aquelas accións que poidan dignificar aos deportistas e demais estamentos federativos.
- h) Programar e realizar actividades que fomenten a relación entre as diversas escolas de Kung Fu, Kung Fu Moderno e Chi Kung do territorio español, así como co colectivo de deportistas de artes marciais chinas.

2. Ademais, correspóndelle a Comisión Xeral Técnica debater e apoiar si procede calquera iniciativa que conduza ao recoñecemento dunha Federación estatal de Kung Fu/Wushu

Capítulo III.- Comisións/Departamentos Técnicos

Sección 1.^a Disposicións Comúns

Artigo 9.- Comisións/Departamentos Técnicos da Federación

1. De conformidade co disposto no artigo 43 dos Estatutos, son Comisións ou Departamentos Técnicos da Federación Galega de Kung Fu:

- a) A Comisión/Departamento Técnico
- b) A Comisión/Departamento de Graos
- c) A Comisión/Departamento de Formación
- d) A Comisión/Departamento de Xuices/Arbitros
- e) O Comité da Selección Gallega

2. Asemade, créase a Comisión/Departamento de Actividades



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

Secretería Xeral para o Deporte

C/ F. Luis Ksado, 17 - 36209 VIGO

Tel. 986 20 31 51 y 604 05 56 28

info@fgkungfu.org - www.fgkungfu.org





Federación Galega de Kung-Fu

3. A sede das diversas Comisións/Departamentos será a da Federación Galega de Kung Fu.

Artigo 10.- Nomeamento dos directores/as das Comisións/Departamentos Técnicos

1. As Comisións/Departamentos son órganos técnicos da Federación Galega de Kung Fu, e dependen directamente do Presidente/a da Federación, que de acordo co disposto nos Estatutos procederá o nomeamento, e no seu caso ao cese, do seu director/a.

2. O Director/a de cada Comisión/Departamento poderá propoñer ao Presidente/a da Federación o nomeamento dun subdirector/a, para que lle sirva de apoio no desenvolvemento dos programas e as actividades do mesmo.

Artigo 11.- Funcións dos Directores/as das Comisións/Departamentos

1. Son funcións dos Directores/as dos Departamentos:

a) Asesorar ao Presidente e demais órganos técnicos da Federación que o soliciten.

b) Informar ao Presidente de tódolos aspectos e actividades relacionadas co seu Departamento e, en particular, daquelas que requiran material especial ou persoal especializado para o seu desenvolvemento.

c) Propoñer ao Presidente da Federación o regulamento interno que regule o seu Departamento para a súa aprobación, se procede, pola Asemblea Xeral da Federación.

2. O Director de cada Departamento comprométese a cumprir e facer cumprir os Estatutos da Federación, Regulamentos, Normativas e demais acordos da Asemblea Xeral.

Sección 2.^a Departamento Técnico

Artigo 12.- Obxectivo do Departamento

1. As actividades federativas representan unha oportunidade única de divulgar, reforzar e motivar aos diversos colectivos. Por este motivo, os aspectos técnicos son a esencia da practica do Kung Fu. Igualmente, a forma de actuar dos órganos técnicos





Federación Galega de Kung-Fu

ten que dignificar, en todo momento e lugar, aos deportistas e a modalidade do Kung Fu.

2. O Departamento Técnico da Federación Galega de Kung Fu é, por excelencia, o órgano de perfección da técnica do Kung Fu. Por tal motivo, é obxectivo do Departamento Técnico facer o necesario para garantir que a práctica do Kung Fu continúe a través do tempo e coa mellor calidade técnica posible.

Artigo 13.- Función xeral do Director/a do Departamento Técnico

O Director/a do Departamento Técnico asume a responsabilidade que supón a planificación e xestión de tódalas actividades do Departamento, en especial a de facer conscientes aos técnicos-adestradores, xuíces-árbitros e colectivo de deportistas, da importancia e transcendencia que ten a mellora técnica, en termos de superación a través da practica do Kung Fu.

Artigo 14.- Funcións específicas do Director/a do Departamento Técnico

a) A programación, divulgación, convocatoria e desenvolvemento das actividades técnicas, calquera que sexa a súa finalidade, así coma os cursos de formación, charlas, conferencias ou calquera outra actividade que contribúan a cualificación dos deportistas na mellora dos resultados deportivos da Federación.

b) Propoñer ao Presidente da Federación calquera outra actividade de formación, reciclaxe ou divulgación que considere oportuna.

c) Propoñer os programas técnicos para os diversos graos e niveis.

d) Propoñer o calendario anual técnico de actividades do Departamento.

e) Colaborar cos demais órganos federativos directamente relacionado co Departamento Técnico, xa se trate de actividades técnicas, docentes ou de calquera outra natureza.

f) Designar as persoas que colaboren ou sirvan de apoio no desenvolvemento das actividades do Departamento.

g) Supervisar, propoñer e normativizar todo o relacionado co desenvolvemento dos programas técnicos.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretería Xeral para o Deporte

C/ F. Luis Ksado, 17 - 36209 VIGO
Tel. 986 20 31 51 y 604 05 56 28
info@fgkungfu.org - www.fgkungfu.org





Federación Galega de Kung-Fu

h) Levar unha lista das persoas mais cualificadas para o desenvolvemento dos diversos tipos de actividades técnicas.

Sección 3.^a Departamento de Xuíces-Árbitros

Artigo 15.- Obxectivo do Departamento

1. As competicións representan unha forma directa de divulgación do Kung Fu, e os xuíces-árbitros que participan no desenvolvemento das mesmas teñen que ser conscientes de que a súa forma de actuar e valorar as probas dignifican o traballo dos deportistas, a súa propia persoa e ao Kung Fu.

2. É obxectivo do Departamento de Arbitraje a procura da maior preparación o cualificación técnica dos xuíces-árbitros e asunción por eles de tales principios.

Artigo 16.- Función xeral do Director/a do Departamento de Xuices/Árbitros

O Director/a de Arbitraje asume a responsabilidade que supón a planificación e xestión de tódalas actividades do Departamento de Xuices-Árbitros, en especial a de facer conscientes a os xuíces-árbitros da importancia e transcendencia que ten a súa imparcialidade e equidade no desenvolvemento da súa labor.

Artigo 17.- Funcións específicas do Director/a do Departamento

a) A programación, divulgación, convocatoria e desenvolvemento dos cursos de titulación e reciclaxe, así como das reunións técnicas, conferencias e demais actividades que supoñan unha maior cualificación dos xuíces-árbitros.

b) Propoñer ao Presidente da Federación calquera outra actividade de formación, reciclaxe ou divulgación que considere oportuna.

c) Propoñer os temarios e cursos de formación, titulación e reciclaxe dos diversos niveis e categorías de xuíces-árbitros.

d) Propoñer o calendario anual das actividades do Departamento.





Federación Galega de Kung-Fu

- e) Designar aos técnicos e adestradores que necesite para o desenvolvemento das actividades do Departamento incluídos os cursos de cualificación.
- f) Proponer as modificacións da Normativa de Competición que poidan contribuir a clarificar e matizar o seu contido e polo tanto a cualificación dos xuíces-árbitros e a equidade e imparcialidade nas puntuacións.
- g) Designar aos equipos arbitrais que participan nas diversas competicións.
- h) Supervisar todo o concernente en materia de arbitraje nos diversos campionatos.
- i) Levar un control dos xuíces-árbitros que participan nas diversas competicións.

Sección 4.^a Departamento de Graos

Artigo 18.- Obxectivo do Departamento

1. Os exames de grao representan unha oportunidade única para reforzar a motivación dos practicantes que se presentan ao exame e a idea que se poidan facer do mesmo. Os xuíces que participan no desenvolvemento do exame, teñen que ser conscientes de que a súa forma de actuar e valorar as diferentes probas ten que dignificar os esforzos dos examinandos, a súa persoa como xuíz e ao Kung Fu.

2. O Departamento de Grados da Federación Galega de Kung Fu é, por excelencia, un órgano de reforzo motivacional durante os exames de grao. Por tal razón, é preciso facer o necesario para que o éxito dun exame, en termos de motivación do practicante, sexa sempre maior que o exame anterior

3. É obxectivo do Departamento de Graos a procura da maior preparación o cualificación técnica dos xuíces na súa función de examinadores e asunción por eles de tales principios

Artigo 19.- Función xeral do Director/a do Departamento de Graos

O Director/a do Departamento de Graos asume a responsabilidade que supón a planificación e xestión de tódalas actividades do Departamento, en especial a de facer



Federación Galega de Kung-Fu

conscientes aos xuíces da importancia e transcendencia da súa labor en termos de motivación dos deportistas.

Artigo 20.- Funcións específicas do Director/a do Departamento de Graos

- a) A programación, divulgación, convocatoria e desenvolvemento dos exames para cinto negro, nos seus diversos niveis e de cinto branco ata marrón. Os cursos de titulación e reciclaxe así como as reunións técnicas, conferencias e demais actividades que supoñan unha maior cualificación dos Xuíces de Exame.
- b) Propoñer ao Presidente da Federación calquera outra actividade de formación, reciclaxe ou divulgación que considere oportuna.
- c) Propoñer os temarios e cursos de formación, titulación e reciclaxe, dos diversos niveis e categorías de Xuíces de Exame.
- d) Propoñer o calendario anual das actividades do Departamento.
- e) Designar aos técnicos-adestradores que necesite para o desenvolvemento das actividades do Departamento, xa se trate de exames ou cursos de cualificación.
- f) Propoñer as modificacións da Normativa de Xuíces de Exame que poidan contribuír e clarificar o seu contido e facilitar a equidade e imparcialidade das puntuacións.
- g) Designar a os tribunais que participan nos diversos exames
- h) Supervisar, propoñer e normativizar todo o relacionado cos exames de grao, calquera que sexa o seu nivel.
- i) Levar un control dos Xuíces de Exame que participan nas diversas convocatorias de exame.

Sección 5.^a Departamento de Formación

Artigo 21.- Obxectivo do Departamento



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

C/ F. Luis Ksado, 17 - 36209 VIGO
Tel. 986 20 31 51 y 604 05 56 28
info@fgkungfu.org - www.fgkungfu.org





Federación Galega de Kung-Fu

1. Unha excelente formación representa a oportunidade de dignificar e divulgar este ben social que é o deporte, en especial a practica do Kung Fu. Por este motivo, a calidade formativa resulta esencial. Si dispoñemos de recursos docentes podemos adaptar a practica do Kung Fu ás necesidades e posibilidades da xente que o practica. Con un enfoque metodolóxico adecuado os resultados do deportista son inmediatos.

2. O Departamento de Formación da Federación Galega de Kung Fu é o órgano que pode garantir a continuidade da práctica do Kung Fu. Por tal motivo, e ao marxe das normas establecidas en termos de formación polas institucións correspondentes, a formación dos técnicos-adestradores ten que ser excepcional. De aí a necesidade e claridade dos obxectivos formativos.

3. É obxectivo do Departamento de Formación a procura da maior preparación e cualificación técnica dos técnicos-adestradores e asunción por eles de tales principios.

Artigo 22.- Función xeral do Director/a do Departamento

O Director/a do Departamento de Formación asume a responsabilidade de planificar e xestionar tódalas actividades do Departamento, en especial a de tomar conciencia da importancia e transcendencia que ten a formación dos técnicos-adestradores. Un alto nivel de formación e garantía de éxito continuado.

Artigo 23.- Funcións específicas do Director/a do Departamento de Formación

a) A programación, divulgación, convocatoria e desenvolvemento das actividades formativas calquera que sexa a finalidade docente, así coma os cursos de formación, charlas, conferencias ou calquera outra actividade que mellore a cualificación dos técnicos-adestradores da Federación.

b) Propoñer ao Presidente da Federación calquera outra actividade de formación, reciclaxe ou divulgación que considere oportuna.

c) Elaborar e propoñer os contidos dos programas para os diversos niveis.

d) Propoñer o calendario anual de actividades formativas, cursos de reciclaxe, titulación e xornadas de actualización.

e) Colaborar cos demais órganos federativos que o soliciten calquera que sexa a natureza da actividade.





Federación Galega de Kung-Fu

- f) Designar as persoas que colaboren ou sirvan de apoio no desenvolvemento das actividades formativas do Departamento.
- g) Supervisar, propoñer e normativizar todo o relacionado co desenvolvemento dos programas de formación para os diversos niveis.
- h) Levar unha lista das persoas mais cualificadas para o desenvolvemento dos diversos tipos de actividades formativas.
- i) Propoñer ao Presidente da Federación o cadro de profesores para os cursos de titulación e reciclaxe.

Sección 6.^a Departamento de Actividades

Artigo 24.- Obxectivo do Departamento

1. As actividades federativas representan unha oportunidade única de divulgar, reforzar e motivar aos diversos colectivos. Por este motivo, as persoas que participan na organización e desenvolvemento das actividades, federativas, deben saber que o seu proceder, ten que dignificar sempre, as persoas, institucións e a modalidade do Kung Fu.
2. O Departamento de Actividades da Federación Galega de Kung Fu é, por excelencia, o órgano promocional das actividades federativas. Por tal motivo, debe facerse o necesario para que o éxito dunha actividade sexa sempre maior que o da actividade anterior.
3. É obxectivo do Departamento de Actividades a asunción de tales principios por parte dos técnicos-adestradores, xuíces-árbitros, clubs e deportistas que participen nas actividades da Federación.

Artigo 25.- Función xeral do Director/a do Departamento

O Director/a do Departamento de Actividades asume a responsabilidade que supón a planificación e xestión de tódalas actividades do Departamento, en especial a de facer conscientes aos técnicos-adestradores, xuíces-árbitros, deportistas e demais persoas



Federación Galega de Kung-Fu

que participen nas actividades federativas, da importancia e transcendencia da súa labor en termos de eficacia e resultados óptimos.

Artigo 26.- Funcións específicas do Director/a do Departamento de Actividades

- a) A programación, divulgación, convocatoria e desenvolvemento das actividades anuais, calquera que sexa a súa natureza ou finalidade, así como as reunións previas ao desenvolvemento da actividade co fin de garantir o éxito da mesma.
- b) Proponer ao Presidente da Federación calquera outra actividade de formación, reciclaxe ou divulgación que considere oportuna.
- c) Proponer os manuais de funcionamento ou os temarios que cualifiquen as persoas que participen no desenvolvemento das actividades.
- d) Colaborar na elaboración do calendario anual das actividades da Federación.
- e) Colaborar cos demais órganos federativos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade, xa se trate de actividades técnicas, docentes ou de calquera outra natureza.
- f) Designar as persoas que colaboren ou sirvan de apoio nas diversas actividades.
- g) Supervisar, proponer e normativizar todo o relacionado co desenvolvemento das actividades do Departamento.
- h) Levar unha lista das persoas mais cualificadas para o desenvolvemento dos diversos tipos de actividades.
- i) Supervisar a instalación onde se vaia a desenvolver a actividade para comprobar que reúne os requisitos esixidos pola mesma. Esta función pode ser delegada na persoa que coorganiza a actividade.

Sección 7.ª Departamentos de Kung Fu Moderno, Tai Chi e Chi Kung



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

C/ F. Luis Ksado, 17 - 36209 VIGO
Tel. 986 20 31 51 y 604 05 56 28
info@fgkungfu.org - www.fgkungfu.org





Federación Galega de Kung-Fu

Artigo 27.- Estrutura e funcións

Os Departamentos de Kung Fu Moderno, Tai Chi e Chi Kung, rexeranse pola mesma estrutura e funcións comúns dos diversos Departamentos, así como polas funcións específicas dos directores/as dos Departamentos respectivos.

O director/a do Departamento de Kung Fu Moderno poderá ser designado vicepresidente da Federación Galega de Kung Fu mantendo a súa condición de Director/a do Departamento.

Capítulo IV.- Actividades Federativas Coorganizadas

Artigo 28.- Posibilidade de coorganización

A Federación Galega de Kung Fu, pode delegar a coorganización dun campionato ou calquera outra actividade. Para tal fin, ambas partes firmarán un convenio que contemple as obrigacións e deberes de cada parte, así como o custo económicos da actividade en cuestión.

Artigo 29.- Atribucións da Xunta Directiva da Federación

Corresponde a Xunta Directiva da Federación, establecer o custo da actividade, a súa promoción, e o tipo de trofeos e atencións que se entregarán no seu transcurso, así como as persoas que farán a entrega dos mesmos.

Artigo 30.- Modelo de convenio

O modelo de convenio para a coorganización de campionatos e outras actividades federativas entre a Federación e os clubs afiliados é o seguinte:





Federación Galega de Kung-Fu

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CLUBE _____ É A FEDERACIÓN GALEGA DE KUNG FU

En Vigo, a _____ de _____ de

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. _____, Presidente/a da Federación Galega de Kung Fu, (en adiante a federación), en uso das competencias que lle outorgan os Estatutos federativos e os acordos da Xunta Directiva reunida en Vigo o día sinalado.

DOUTRA PARTE, D. _____ Presidente/a do Club _____ de _____, (en adiante o organizador) en nome e representación do mesmo, manifestan:

O desexo expreso de colaborar na organización, promoción e divulgación de actividades deportivas de carácter competitivo e que a tal efecto, subscriben o presente convenio suxeito as seguintes

CLAUSULAS:

Primeira. O organizador comprometese a realizar as accións necesarias para celebrar en _____ o Campionato _____ de Kung Fu, o día _____ de _____, xestionando o Polideportivo, a promoción da actividade, o persoal de organización, o equipo arbitral e cantas accións se necesiten para o óptimo desenvolvemento da competición.

Segunda. A federación facilitaralle a relación de persoas do equipo arbitral e persoal de organización necesario, número de deportistas participantes por cintos, e as categorías nas que participan, o material de competición e calquera outra información ou recurso que o Organizador necesite.

Terceira. O custo do equipo arbitral e do persoal de organización e de _____ (.....€). Dito importe será ingresado pola Federación na conta bancaria do organizador, tres días antes do campionato. Pasada a competición o Organizador emitirá unha factura polo importe ingresado, facendo constar o importe do Equipo Arbitral e o do Persoal de Organización.

Cuarta. Os demais gastos da competición, dende a publicidade, os trofeos e medallas, transporte de deportistas ou calquera outro gasto, será aboado mediante transferencia bancaria aos interesados, os cales emitirán a factura correspondente.

Quinta. Calquera dúbida ou mal entendido resolverase entre os asinantes e de non haber acordo, será o Presidente da Federación o que dirima a situación. Fírmase por triplicado en Vigo, na data arriba indicada.

O Presidente

O Organizador





Capítulo V.- Da relación entre Directivos de Centros Afiliados

Artigo 31.- Principio xeral

A expansión, fomento e práctica do Kung Fu é un ben social e a razón de ser da Federación Galega de Kung Fu. A súa expansión e difusión está por encima de calquera interese persoal ou de club.

Artigo 32.- Compromiso de unidade de acción e respecto mutuo

Os directores/as dos centros afiliados a Federación Galega de Kung Fu, comprométense a unificar esforzos técnicos, docentes e deportivos para lograr unha maior expansión da práctica do Kung Fu, dentro ou fora da súa área de influencia. De non ser posible a unidade de accións, a lo menos comprométense a manter unha relación pública de respecto e cordialidade, antepoñendo as actividades técnicas, docentes, deportivas ou de expansión do Kung Fu de un club, a calquera interese contrario a expansión.

Artigo 33.- Contraposición de intereses e mediación da Federación

Aquel club ou director/a de club que se sinta afectado/a polas accións promocionais da práctica do Kung Fu do director/a de outro club, deberá notificalo a Federación quen mediará entre as partes para chegar a un entendemento que non perxudique a expansión e o fomento da práctica do Kung Fu.

Artigo 34.- Incumprimento das obrigas básicas e as súas consecuencias

Aquel/a directivo/a de un club que, actuando en defensa dos seus intereses persoais ou de club, e sen telo comunicado previamente a Federación, incurra en descualificacións ou accións que perxudiquen a expansión do Kung Fu ou poidan cuestionar ou obstaculizar o normal desenvolvemento de calquera das actividades mencionadas, será obxecto de sanción federativa.

Artigo 35.- Sancións





Federación Galega de Kung-Fu

1. As sancións federativas serán de natureza deportiva e aplicaranse tamén ao club cuxo director/a incumpra estas normas de actuación. A sanción, ao ser de natureza deportiva, afecta aos deportistas do club cuxo director/a teña incorrido nas accións mencionadas, polo que ditos deportistas non poderán participar en actividades federativas a través do club sancionado.

2. As sancións federativas establecidas son:

a) Para accións que impidan a expansión e o desenvolvemento do Kung Fu: sanción de unha tempada sen poder participar en actividades federativas.

b) Para accións que impidan a expansión e o desenvolvemento do Kung Fu e a vez cuestione ou perxudique a profesionalidade e imaxe doutro adestrador: sanción de dúas tempadas consecutivas sen poder participar en actividades federativas.

c) Si despois de cumprir unha sanción o directivo do club reincide: sanción de tres tempadas consecutivas sen poder participar en actividades federativas.

3. Para a imposición das sancións será requisito imprescindible a tramitación do correspondente expediente disciplinario.

Capítulo VI.- Relación con Clubs e Asociacións Deportivas doutras Comunidades Autónomas

Artigo 36.- Existencia de relacións

A Federación Galega de Kung Fu se relaciona con Club e Asociacións Deportivas de Andalucía, Asturias, Castilla León, Castilla La Mancha, Extremadura, Madrid e Valencia.

Artigo 37.- Participación en actividades

Por Estatutos, estes clubs e deportistas, ao ter o seu domicilio fora da Comunidade Autónoma de Galicia, non poden afiliarse a Federación Galega de Kung Fu, pero si asociarse, participar nas súas actividades e representalos en accións institucionais que afecten ao colectivo do Kung Fu.





Federación Galega de Kung-Fu

Artigo 38.- A efecto de computo numérico de clubs e deportistas afiliados a Federación Galega de Kung Fu, os clubs, asociacións e deportistas doutras Comunidades Autónomas non poden ser contabilizados ao efecto.

ENTRADA EN VIGOR: Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte de ser aprobado pola Asamblea Xeral da Federación Galega de Kung Fu.

Inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia co nº 3724 C.I.F. V-36.756.914



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

Secretería Xeral para o Deporte

C/ F. Luis Ksado, 17 - 36209 VIGO

Tel. 986 20 31 51 y 604 05 56 28

info@fgkungfu.org - www.fgkungfu.org

